



ROGO SOBRE A INSTALACIÓN DUNHA MARQUESIÑA PARA O TRANSPORTE PÚBLICO DE VIAXEIROS NO APARCADOIRO DISUASORIO DE SANTA MARTA

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O aparcadoiro de borde de Santa Marta concentra desde hai uns anos unha gran actividade motivada pola gratuidade das súas instalacións, a súa gran capacidade de acollida e, sobre todo, pola súa situación próxima ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) para o que actúa como unha alternativa axeitada, especialmente para unha gran maioría de persoas que dependen do vehículo particular para o seu traslado e que o estacionan nesta área do sur do concello.

Trátase dunha superficie de gran utilidade para a implantación dun sistema de mobilidade alternativo que contribúe á desexable desconxestión do tráfico, tanto no interior da cidade como no contorno no CHUS.

Na entrada deste aparcadoiro de Santa Marta, e dentro xa do propio recinto, existe unha parada do autobús urbano que rexistra unha gran afluencia de persoas, tanto en dirección ao complexo hospitalario como cara o centro da cidade, pero esa parada carece dunha instalación que permita acollerse en días de chuvia e mesmo que ofrezca un banco para unha espera cómoda do autobús.

En consecuencia, o Grupo Popular formula o seguinte ROGO:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se fagan as xestións oportunas para a instalación dunha marquesiña na parada do autobús urbano situada no interior do recinto do aparcadoiro disuasorio de Santa Marta.

Santiago de Compostela, a 11 de maio de 2018

Claudio Montiel Carracedo
Concelleiro do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela